



Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

26 de abril 2024

-Prácticas na Axencia Europea de Defensa - ata o 21 de maio

Formación remunerada durante un ano en 17 diferentes postos e seccións (aviación, dominio marítimo, finanzas, comunicación, loxística, sistemas...) da Axencia Europea de Defensa.

-Prácticas no Instituto de Estudos de Seguridade da Unión Europea - ata o 3 de maio

Aberto o prazo de solicitude de oito prazas de prácticas remuneradas (seis en París e dúas en Bruxelas) de dez meses de duración.

-Bolsas do Banco Central Europeo para mulleres - ata o 17 de maio

Bolsas de 10.000 € cada unha para 15 mulleres que realicen estudos de posgrao nos campos de economía, estatística, enxeñería e informática.

-Bolsas MAEC-AECID de formación en asuntos europeos - ata o 8 de maio

Convocatoria de bolsas para a formación en asuntos europeos no Colexio de Europa.

-Bolsas de formación da Fundación Galicia Europa en asuntos relacionados coa Unión Europea - ata o 23 de maio

Bolsas de formación para persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas.

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect

  Europe Direct A Coruña  @edcoruna  @europedirectcoruna  682677765

-Bolsas de formación da Fundación Galicia Europa en proxectos europeos no ámbito da innovación e a investigación - ata o 23 de maio

Bolsas de formación práctica, para persoas tituladas universitarias, en materia de financiamento comunitario de proxectos europeos no ámbito da innovación e a investigación.

-Bolsas de Arte da Fundación Botín - ata o 3 de maio

6 bolsas de formación, investigación e realización de proxectos personais de creación artística. Delas, unha bolsa reservarase a menores de 30 anos para trasladarse ao estranxeiro con obxecto de continuar o seu traballo, estudo ou estancias en residencia.

-Bolsas ERA: Programa Hidróxeno Verde - sen prazo (as solicitudes deben presentarse 4 meses antes da data prevista de inicio)

Programa para estudantes de doutoramento do campo Hidróxeno Verde (GH2) de universidades do Espazo Europeo de Investigación (EEI). O programa financia un proxecto de investigación nunha universidade alemá ou centro de investigación, baixo a supervisión dun titor/a en Alemaña ou ben unhas prácticas organizadas por conta propia nunha empresa alemá ou unha institución non universitaria no ámbito de GH2. De 1 a 24 meses para as bolsas de investigación e de 2 a 3 meses para as prácticas.

-European Job Days:

-Make it in Germany 2024 - o 7 de maio

Feira online de emprego con ofertas de todos os sectores.

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade:

-Voluntariado nunha granxa ecolóxica no sur de Italia - ata o 30 de abril

22 semanas de traballo voluntario nas actividades da granxa.

-Voluntariado nunha ONG de axuda humanitaria en Guatemala - ata o 30 de abril

17 semanas de traballo voluntario en tarefas de comunicación



E lembra!

-Aberta a primeira ronda de DiscoverEU - ata o 30 de abril

A Comisión Europea ofrece 35.000 bonos de Interrail a mozos e mozas da UE que fagan 18 anos.

-Convocatoria para realizar actividades paralelas durante o European Youth Event de 2025 - ata o 30 de maio

Aberta a convocatoria de proxectos para as actividades ao aire libre do vindeiro EYE, que está dirixida a organizacións xuvenís.

-Prácticas no Tribunal de Contas Europeo - ata o 31 de maio

Formación remunerada de cinco meses, desde o mes de outubro, no Tribunal de Contas Europeo en Luxemburgo.

-Prácticas na Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais - ata o 1 de maio

Formación remunerada dun ano nos departamentos de comunicación e legal na oficina en Angers, Francia.

-Prácticas na Axencia Europea de Substancias e Misturas Químicas - ata o 2 de maio

Formación remunerada durante seis meses na axencia en Helsinqui en diversos departamentos.

-Programa para xornalistas Youth4Regions - ata o 8 de xullo

Oportunidade de formación para mozos e mozas xornalistas sobre a Política de Cohesión europea, cunha semana de estancia en Bruxelas.





Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

